



TRANSCRICIÓN DO PODCAST

Eladia: Ola, benvidos e benvidas a un novo episodio de “Botar a lingua a pracer”, un proxecto no que, con moito gusto, imos contarvos a historia da literatura de comezos do século XX.

Rosa: Somos Eladia e Rosa, dúas mulleres que aparecemos en obras de Neira Vilas e Cunqueiro.

Eladia: Eu, Eladia, son a mestra de Balbino en “Memorias dun neno labrego”, de Neira Vilas.

Rosa: E eu son Rosa Martiño, unha moza reloxeira. Cunqueiro contou a miña vida en “Os outros feirantes”.

Eladia: Hoxe temos a sorte de estar en Ourense no parladoiro do café Royalty.

Rosa: Que ben, de parladoiro nun café! A quen nos atoparemos? Eu quero ver algún famoso!

Eladia: Pois aí os tes! Eses que están aí falando os sete falares son Vicente Risco, Otero Pedrayo e Floro Cuevillas.

Rosa: E quen é quen?

Eladia: Risco é o da garabata e os panos orientais...

Rosa: Vaia panos, que elegancia!

Eladia: E ese que está a falar é Otero Pedrayo.

Rosa: Mira como lle dá aos brazos.

Eladia: Atende, Rosa, atende ao que está a dicir!

(Voz de Otero Pedrayo)

Rosa: Pois si que está namorado de Ourense este home! Como defende a cidade!

Eladia: E non a vai defender! El e os que o acompañan son todos ourensáns.

Rosa: E vaia intelectuais!

Eladia: Si, si forman un club moi selecto chamado “cenáculo ourensán”

Rosa: E iso de cenáculo? Vaia nome máis raro, non?

Eladia: O de cenáculo vén porque teñen moitas cousas en común e por iso se fala do grupo de Ourense dentro da xeración Nós.



Rosa Mira, non paran de latricar, véxoos con moita confianza... Serán máis ou menos da mesma idade, non?

Eladia Si, son case da mesma quinta.. E mira que casualidade! Risco e Otero eran veciños na rúa da Paz, moi pretoño de aquí.

Rosa, Anda que non xogarían eles dous!

Eladia E Risco e Cuevillas eran curmáns. Sabes? Estudaron xuntos.

Rosa Ondiá! E que estudaron? Hoxe en día non che é nada doado estudar...

Eladia Os tres foron á Universidade! Ata teñen máis dunha titulación!

Rosa: Vaia oh! Que categoría!

Eladia E tanto!! Veñen de boas familias e están interesados pola lectura, polos idiomas...

Rosa: Claro! Non me estraña que sabendo tantos idiomas e tendo tanta cultura marcharan por Europa adiante.

Eladia Marchar, marcharon, pero acaban volvendo! Os tres pasan polo mesmo, comezan sentíndose inadaptados e rematan como nacionalistas.

Rosa Anda! De aí o título do podcast de hoxe: Nós, os inadaptados.

Eladia Iso é. Realmente, é o título dun ensaio de Vicente Risco, no que conta o que lle pasou a súa xeración. Mira, estas son as súas palabras:

Eu caracterizaría ós homes do meu tempo preocupados polas cousas do espírito, dicindo que eramos (...)

As dúas: insatisfeitos,

Rosa: *non conformistas, decote rebeldes. Vencidos da vida por inadaptados.*

Eladia Isto dos inadapatados explicouno moi ben Otero na novela “Arredor de si”

Rosa Siiii, esa lina eu. Ai, o Adrián Solovio ese tenme tola!

Eladia E logo, que che gusta del?

Rosa Ai, era moi señorito. Moi elegante, vestindo á última... Marchou a Madrid a estudar porque Galicia lle quedaba pequena... e sabes que?

Eladia Que? conta, conta... Arrepentiuse?

Rosa E non se ía arrepentir... Descubre que o que o fai ser diferente é ser galego. 2



Eladia E foise dar de conta en Madrid...

Rosa: Si, iso pásalles a todos! Acaban descubrindo que a verdadeira orixinalidade é ser galegos!

Eladia, Así o conta Cuevillas en “Dos nosos tempos”.

Rosa: Vale, vale, vale... En resumo, os tres explican nas súas obras como se foron achegando ao galeguismo.

Eladia: E como galeguistas, traballan arreo polos ideais nacionalistas.

Rosa: Claro! Defenden a idea de Galicia como nación...

Eladia Participando nas actividades da Irmandade da Fala de Ourense ou nas do Seminario de Estudos Galegos

Rosa Ai si! Cos do Seminario... Xa os vímos na xeira do Deza!

Eladia: Son moi activos en todo o que teña que ver coa difusión da nosa cultura.

Rosa Por iso son figuras senlleiras do galeguismo.

Eladia Ata Cuevillas participa na vida política,

Rosa: Ai, logo, abandona as escavacións dos castros?

Eladia: Abandona, abandona.

Rosa E que mira, coa movida que hai nestes anos... quen non vai querer estar na vida política?

(APUNTAMENTO HISTÓRICO)

- Coa II República, constituída no 1931, inícianse grandes reformas para facer de España un país máis progresista.
- Conséguese o voto feminino, invístese en educación e as nacións históricas (Galicia, Cataluña e Euskadi) reivindicán os seus Estatutos de Autonomía.
- O PG reclama o noso dereito de autodeterminación e redacta un Estatuto para Galicia. Este non se pon en práctica porque se achegan anos escuros para a Democracia.
- O 18 xullo 1936 prodúcese a sublevación militar que inicia a Guerra Civil. Tódolos avances conseguidos ata o momento vanse ver interrompidos.
- Os galeguistas sofren unha dura represión: Algúns marchan ao exilio, outros son asasinados e outros quedan silenciados na propia Terra. Comeza unha longa noite de pedra para a nosa lingua e cultura.

Podcast “Nós os inadaptados”



Rosa Aiiiii, Eladia, que emoción! Ese que entra agora, ese altote, ese non é Castelao?

Eladia : Cala, Rosiña, contrólate, que inda nos van oír!

Rosa: Non o podo crer! Eu morro, Castelao!!

Eladia Ves como se lle achega todo o mundo... Como o quere a xente!

Rosa E logo, como non o imos querer, oh? Teno todo: escritor, político, debuxante... E que graza ten o condenado!

Eladia Que sorte estarmos aquí para velo! Mira, mira como se abrazan!

Rosa Pero... Castelao non era de Rianxo? Que fai aquí?

Eladia: Era de Rianxo, si. Pero traballa arreo con estes homes e todos forman parte da xeración Nós. Sabes que estudou Medicina?

Rosa Estudar, estudou, pero... Lin unhas declaracións nas que contaba que era médico... por amor a seu pai... e non exercía... por amor á humanidade

Eladia Era médico pero empezou como debuxante. Quen non coñece algunha das láminas de “Cousas da vida”?

Rosa Ai, siiiii, non me poño a falar das miñas favoritas que non me chega este podcast nin o que vén! Son boísimas....

Eladia Boísimas! E para que cheguen a todo o mundo, sacáas no periódico.

Rosa Si, he,he... e todas comezamos a ler o xornal pola estampa de Castelao.

Eladia Si, iso o primeiriño! Parecen tan sinxelas...

Rosa : tres garabatos e unhas letras!

Eladia: E o que contan con tan pouco!

Rosa ... Denuncia o asoballamento de Galicia e das súas xentes...

Eladia: Mariñeiros, labregos, nenos

Rosa E sen esquecer as mulleres, eh!

(intro MULLERES)

Eladia : As mulleres, aínda que non aparezan no propio grupo, van ter un papel decisivo na vida destes homes.

Rosa E tamén nas súas obras! Castelao dános a voz que historia nos quitou!



Eladia : Ben me acordo daquela estampa que di:
“Anque o meu home vai fóra non terei voto, pero seguirei pagando tódolos trabucos” (son barco vapor)

Rosa E con iso que quere dicir, Eladia?

Eladia Pois está claro, está pedindo o voto para as mulleres. Polo menos para as dos homes emigrados.

Rosa Como??Só para as dos homes emigrados???

Eladia : Rosiña, por algo se empeza!!

Rosa :Xa! E que me dis da historia da Marquesiña. Súa nai traballa na casa do marqués...

Eladia E inda lle chaman a marquesiña.

Rosa Está claro, aí está denunciando o abuso de poder que exercían os nobres sobre as xornaleiras!

Eladia Pero non todo é denuncia! Hai algúns relatos con retranca... Que che parece o da Condesiña?

Rosa Pois que non morreu de amor senón dunha farta de cereixas!

Eladia, Aí tes a Castelao botando por terra esa idea do amor romántico.

Rosa Sabes que, Eladia? Morrer pódese morrer de moitas cousas... Pero de amor, inda che non vin a ninguén, eh.

Eladia Tamén nos presenta imaxes empoderadoras, de mulleres fortes e valentes...

Rosa Si, a miña favorita é a que leva por texto Arenga.

Eladia: Tal cal *A liberdade guiando ao pobo* de Delacroix!

Rosa: Aí está, pero ao estilo galego, muller afouta, brava, coma as das loitas labregas...

(Musica de peche)

Eladia Todos os homes deste grupo van ser un exemplo de compromiso e loita por crear unha conciencia galeguista.

Rosa Sen esquecer a súa contribución á literatura!

Eladia Como esquecerelos? Estes autores son os creadores da prosa galega neste século XX.



Rosa E non só da prosa literaria, tamén do ensaio.

Eladia Tráennos por primeira vez temas universais, lendarios, exóticos...

Rosa ... contados ao estilo dos autores europeos do momento.

Eladia Máis moderno, menos clásico!

Rosa Con eles e coas editoriais de novela curta, a prosa galega aumenta...

Eladia...en número e en calidade!

Rosa Oxalá sigan xuntos moito tempo e loitando polo país...

Eladia E.. estano facendo moi ben...

Rosa: E iso que aínda non afondamos na obra de cada un deles

Eladia .Ai, Rosiña, iso queda para vindeiros podcast

Rosa: Polo de agora, xa sabedes... Bo saber é calar

Eladia : Ata que sexa tempo de falar.